

# cavatina

a revista da  
asociación galega  
da lírica  
*teresa berganza*



O Are More rinde homenaxe a Teresa Berganza.  
**Recitais de Berganza,  
Larmore e Podles**

Ópera Barroca no III Festival Are More de Vigo

Garrido estrea e grava *La virtú degli strali d'Amore* de Cavalli

III Festival de Zarzuela de Santiago

Opereta e zarzuela con Casariego, Cantarero, De la Merced...

Entrevista

Matthias Goerne, o lied como vocación

# cavatina

nº14 / outubro-décembro 2002

## Edita

ASOCIACIÓN GALEGA DA LÍRICA TERESA BERGANZA

Rúa da Raiña, 4 - 2º

15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

TEL. E FAX: 981 58 16 52

A Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a promoción en Galicia da afición á arte lírica e demais manifestacións musicais.

## Director

JOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

## Director adxunto

DANIEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ

## Xefe de redacción

BEATRIZ PADÍN ROMERO

## Consello de redacción

DANIEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ

JOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

JAVIER GARCÍA CASTELO

RODOLFO PORTO VARELA

## Publicidade e relações externas

BEATRIZ PADÍN ROMERO

## Asesoramento lingüístico

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

DO CONCELLO DE SANTIAGO

## Deseño e maquetación

BEATRIZ PADÍN ROMERO

## Imprime

COGRAF

## Colaboran neste número

TERESA ADRÁN VALCARCE

DANIEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ

JOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

RAMÓN GARCÍA BALADO

JAVIER GARCÍA CASTELO

CECILIA LAMILLA BERGANZA

JESÚS JULIÁN PÉREZ

JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ CRUZADO

ENRIQUE VALES

MIGUEL VIU PEREIRA

CÉSAR WONENBURGER

As opinións dos artigos firmados son exclusivas dos seus autores e non constitúen opinión oficial da revista. O consello de redacción respecta a liberdade de expresión dos seus colaboradores


## D.I.

C-1476-98

PONTADA: Teresa Berganza



Subvencionado por:



## ÍNDICE

**ACTUALIDADE** 5 **SANTIAGO** – BARROCO E PIANO: PAUL GOODWIN E ROSA TORRES-PARDO  
A REAL FILHARMONÍA E A INTEGRAL DAS SINFONÍAS DE BEETHOVEN

6 **VIGO** – III FESTIVAL ARE MORE: RECITALS DE BERGANZA, LARMORE E PODLES  
GARRIDO ESTREA E GRAVA *LA VIRTÙ DEGLI STRALI D'AMORE* DE CAVALLI

7 **PONTEVEDRA** – OUTONO LÍRICO: IBARRA, DE LA MERCED E PARDO

8 **A CORUÑA** – V. PABLO E LÓPEZ COBOS NO ARRANQUE DE TEMPADA DA OSG  
O PIANO DE LISZT E BEETHOVEN DA MAN DE NEBOLSIN E SOKOLOV

9 50º FEST. DE ÓPERA DA CORUÑA: *ESPAÑA EN CLAVE LÍRICA*

**A VOZ HUMANA** 12 TERESA BERGANZA: A ARTE AUTÉNTICA E XENEROSA

**ASOCIACIÓN** 14 II FESTIVAL DE ZARZUELA DE SANTIAGO

ZARZUELA E OPERETA CON CASARIEGO, CANTARERO, CARBÓ, DE LA MERCED...

**ENTREVISTA** 18 MATHIAS GOERNE, O LIED COMO VOCACIÓN: "SEMPRE EXISTIRÁ UN PÚBLICO PARA O LIED, ESPECIALIZADO, SENSIBLE E ENTUSIASTA"

**CITA COA ÓPERA** 20 A ÓPERA BARROCA SEGUNDO CAVALLI: CARACTERIZACIÓN DRAMÁTICA, MELODÍA E BELCANTO EN VENECIA

**CITA COA ZARZUELA** 21 INTRIGAS EN LAVAPIÉS

**NA ESCENA CON...** 22 MARÍA CALLAS, VINTECINCO ANOS NA MEMORIA

26 INÉS RIVADENEIRA: NOBREZA FEITA ARTE

**TEATROS DO MUNDO** 27 SEMPER OPER (DRESDE)

**PARA ESCOITAR, PARA LER** 28

**AXENDA / BUTACA RESERVADA A...** 30 MARK PADMORE

## OCORREU HAI...

100 ANOS

  
**ESTREA DE ADRIANA LECOUREUR**  
 Ópera de Francesco Cilea (1866-1950)  
 Teatro Lírico (Milán) 6 de novembro de 1902  
*Adriana Lecouvreur*, paixón verista tiznada de romanticismo en horas traspostas por un libreto de realidades imposibles. Certo no seu verismo, Cilea sabe como sacar partido ó que poida quedar de belcantismos, sabendo aproveitar en arias que despois saltarán ás salas de concerto como pezas independentes de magníficos resultados; vexamos sen máis a Adriana, a diva da *Comédie Française* no seu arrebatado sublime: "Io son l'umile ancilla". Unha trama suculenta por enrevésada, tal e como mandan os canons, perde a cabeza por asuntos políticos que tanto gustaban entre reinos de vella estirpe e confabulacións políticas. Sempre as eternas convulsións

que marcaron a Europa que arrombará monarquías obsoletas. Pero o que importa é que prime o divismo entre tanto mobiliario proclive ós grandes fastos. Será o outro verismo, que nada gardará en común co de faca e alpargata. Subirá a escena cun libreto de Arturo Colautti, que saberá servirse ó seu gusto dun orixinal do dramaturgo Eugène Scribe e de Gabriel Jean Baptiste Ernest Wilfrid Legrouté, e o fará no Teatro Lírico milanés un 6 de novembro de 1902, para chegar ó barcelonés Liceo pouco despois, en maio de 1903. Tardou en facer cartel, pero consagrouse pola vontade e o señorío da Tebaldi.

RAMÓN G. BALADO

Inés Rivadeneira

## Nobreza feita arte

JULIÁN JESÚS PÉREZ

Escribir sobre Inés Rivadeneira é reflexionar sobre a historia da interpretación lírica en España nos anos centrais do século XX. Ela desenvolveu a súa carreira como cantante profesional dende 1951 ata 1973. En 1979 fixouse cargo dunha cátedra (obtida un ano antes) na Escola Superior de Canto de Madrid. Despois de actuar no Royal Albert Hall de Londres cantando *La vida breve* de Falla e tras unha intensa actividade por Europa e o norte de África (concertos, gravacións, representacións de ópera e zarzuela), decidiu interromper a súa traxectoria interpretativa, en parte polo escaso interese humano que ofrece ese mundo, para consagrarse á formación de futuros cantantes. Dende a súa xubilación en 1994, acompañada dunha cálida homenaxe, a súa casa foi un continuo fluír de alumnos e alumnas; ducias de cantantes, actores e actrices, embaixadores, azañatas... pasaron polas súas mans. Constantemente recibe mostras dun cariño ben merecido. Ela sabe sempre ocupar o seu lugar como docente: estimula ó alumno, ten moi claro o que lle pode pedir a cada un e é moi tolerante, pero non admite unha actitude de "divo". O seu exemplo é unha lección constante que contribúe a mellorar a condición humana.

As miñas primeiras novas sobre Inés Rivadeneira viñeron por dúas vías: as gravacións de zarzuela coas que sempre gocei dende a miña nenez e os comentarios sempre eloxiosos dos meus pais, que a viran cantando *Doña Francisquita* con Alfredo Kraus na antiga Praza de Touros da Coruña, así como da miña primeira profesora de música e curmá de Inés, María Moscoso. Inés viña á Coruña nos veráns e eu, sendo un neno, pensaba: "Gustaríame coñecer a Inés Rivadeneira porque a escouito nos discos". Nunca me atrevín a decirlllo a dona Maruxa (así a chamaba eu). Andando o tempo, e gracias a Elisa

Moscoso (curmá de Inés), mestra do Conservatorio da Coruña e miña tamén, tiven a leda oportunidade non só de coñecela, senón de gozar persoalmente das súas ensinanzas e aprender da súa calidade como persoa. Inés Rivadeneira naceu en Lugo en 1928 e viviu en Valladolid dende os dous anos ata os dezaoito, idade na que saíu cara a Madrid, cunha bolsa da Deputación daquela cidade, para estudiar no Conservatorio Superior da



capital de España. Os seus primeiros contactos coa voz tiveron lugar gracias ás cancións populares de Galicia que lle ensinara o seu pai. O ter pertencido ó coro das Dominicas de San Pablo (Valladolid), dirixido por Heraclio García Sánchez, propiciou que nacese nela a afición polo canto; precisamente foi don Heraclio quen lle deu as súas primeiras leccións. Contaba vintetres anos cando ofreceu ó público vallisoletano o seu primeiro recital, áinda como cantante non profesional. Todo un reto, xa que se presentou con

páxinas de autores como Verdi, Giordano, Bizet, Donizetti e Toldrá. A crítica de prensa foi eloxiosa con Inés ó dicir "voz pastosa, de gran sonoridade e preciosa de cor en todos os rexistros". Creo sinceiramente que un dos aspectos que mellor poden revelar o valor dun cantante é precisamente este último, a homoxeneidade tímbrica na totalidade da súa tesitura que Inés posuía xa no seu debut. Seguro que aquel concerto mereceu ser gravado e editado en disco. Non é de estranhar que nese mesmo ano 1951 obtivese o Premio Fin de Carreira e o "Lucrecia Arana", á sazón extraordinario do Conservatorio de Madrid. Inés Rivadeneira iniciará unha carreira profesional marcada de éxitos artísticos, o que a levará, seis anos máis tarde (1957), a alzarse co Premio Nacional de Interpretación Lírica. Non sei se se sería casualidade, pero as súas dúas profesoras de Madrid estaban vinculadas a Galicia: Lola Rodríguez Aragón, fundadora da Escola Superior de Canto e promotora do Coro Nacional de España, recibira clases de Bibiana Pérez na súa adolescencia, cando vivía na Coruña, e Ángeles Ottein, irmá da ilustre soprano compostelá Ofelia Nieto e importante soprano da que nos quedan algunas gravacións, realizou unha importante

carreira como cantante. O director do Real Conservatorio de Música, Jesús Guridi, convencido da súa valía, brindoulle apoio ó recomendala na Fundación Juan March para a concesión dunha bolsa. Así pudo estudiar na Academia de Música e Artes Interpretativas de Viena con Erik Werba, mestre minucioso e coñecedor da súa propia potencialidade como pedagogo. Tamén Werba suxerira a valía profesional da nosa protagonista cando rematou o seu período de estudio na capital austriaca, onde traballa-

ran os difíciles xéneros do Lied (o que Kraus chamaba "o canto no seu estado más puro") e o Oratorio. A formación vienesa proporcionoule unha versatilidade moito maior do que se coñece en España a partir das súas gravacións e representacións de ópera e zarzuela. Facendo un repaso pola súa carreira artística, debemos resaltar, en primeiro lugar, as estreas absolutas de obras como *Don Perimplín* de Rieti, con texto de García Lorca, en París (Teatro dos Campos Elíseos, 1951); *Soledad* de J. Manén no Liceo de Barcelona (1952) e *El hijo fingido* de Rodrigo no Teatro da Zarzuela (Madrid, 1964). Como anécdota simpática, podemos contar que Inés saudaba ó mestre Rodrigo pola rúa entoando a primeira frase do seu personaxe, Dona Bárbara, na canción "Vivo, y es mucho deciros, junto a la Plaza Mayor". O mestre alegrábase moito de oíla. Á parte dos grandes compositores xermánicos, Inés Rivadeneira cultivou nos seus recitais autores españoles como C. Halftter, García Abril, Falla e Toldrá. Dentro do repertorio relixioso, cantou

obras capitais de Bach, Händel, Mozart, Rossini e Verdi.

Convén valorar a importancia que concedeu, na elección do seu repertorio, á música española. Ademais dunha gran cantidade de zarzuelas representadas e gravadas –entre as que cabe resaltar *Doña Francisquita*, *Las Golondrinas*, *Pan v Toros* e a "tetraloxía castiza" *La Verbena de La Paloma*, *La Gran Vía*, *Aqua, azucarillos y aguardiente* e *La Revoltosa*–, son destacables as súas gravacións e concertos dedicados a obras como *Pepita Jiménez* de Albéniz, *Goyescas* de Granados, *El amor brujo* (tres versións) e *La vida breve* de Falla, entre outras. Precisamente o rexistro desta última, baixo a dirección de Frühbeck de Burgos, recibiu o Premio do Disco en París en 1967. Polo que respecta ás súas representacións operísticas, Inés compartiu cartel con cantantes de primeira fila, como Victoria de los Ángeles, Montserrat Caballé, Alfredo Kraus, Richard Tucker, Carlo Bergonzi, Piero Cappuccilli e Paolo Washington, por mencionar algúns.

Especial relevancia tivo o seu papel como protagonista da ópera *Carmen* no Liceo de Barcelona, coliseo que tamén recibiu a súa recreación de Ulrica na verdiana *Un ballo in maschera*.

Entre os directores, Inés Rivadeneira garda un especial recordo do mestre Ataúlfo Argenta. Extraio algúns fragmentos dun escrito seu con data do 6 de maio de 1997 que serve de mostra de respecto e cariño cara a el: "Da calidade artística de Ataúlfo Argenta non podo dicir senón o que é público e notorio: que foi un dos directores de orquestra más importantes e prestixiosos do mundo (...) Se a súa calidade artística foi grande, ainda se vía superada pola súa calidade humana. Era un home afable, bondadoso e paciente... Era un mestre colaborador e solidario (...) Gardo un imborrable recordo de Ataúlfo Argenta e por iso está sempre sobre o meu piano, a carón da miña nai, do meu marido e do meu fillo, o seu afillado. Frente a eles paso a maior parte das horas da miña vida".

Vaia o meu sinceiro aplauso para Inés Rivadeneira: mezzosoprano, mestra de canto e persoa.


## TEATROS DO MUNDO

### O Teatro de Ópera do Estado Saxón (Sächsische Staatsoper)

é máis coñecido polo nome do arquitecto que o proxectou, Gottfried Semper (1803-1879), circunstancia pouco corrente, xa que tan só a Ópera Garnier en París coincide coa Semper Oper na súa decidida homenaxe ó autor do edificio.

Foi Gottfried Semper un arquitecto de prestixio, mestre da Academia de Dresde con só trinta e un anos, e gran defensor do papel da políromía, a ornamentación e as texturas na Arquitectura. O seu pensamento influíu probablemente nas ideas do seu amigo Richard Wagner acerca da "Arte Total" e o desenvolvemento dun novo teatro do futuro.

O que hoxe pode admirarse na Theaterplatz de Dresde é en realidade o segundo teatro realizado por Semper. O primeiro deles, construído en 1841 segundo o tipo de ferradura dos teatros italiáns, posuía unhas ele-



gantes formas redondeadas e unha composición clásica e equilibrada que o levou a ser considerado o teatro más bonito da época, e serviu para elevar a reputación como centro artístico da cidade que fora o berce da Ópera Alemana de Carl Maria von Weber. Este teatro, que foi escenario das estreas wagnerianas de *Rienzi*, *O holandés errante* e *Tannhäuser* entre 1842 e 1845, acabou sendo destruído por un incendio en 1869. Nove anos despois, o 2 de febreiro de 1878, rei-

## SEM PER OPER, DRESDE

naugurouse de acordo cun novo proxecto de Semper, esta vez cun estilo ecléctico máis grandilocuente. O novo teatro continuou a tradición operística do anterior, pois nel estreáronse entre 1901 e 1938 nove das quince óperas de Richard Strauss, ata que foi destruído por un bombardeo aliado na noite do 13 ó 14 de febreiro de 1945.

En 1977 comezou a súa reconstrucción de acordo co orixinal, aínda que reducindo o seu aforo inicial de 1800 a 1323 espectadores. O teatro foi reinaugurado o 13 de febreiro de 1985 coa ópera *O cazador furtivo* de Weber, que fora a última ópera representada no teatro antes da súa destrucción completa anos antes. A última desgracia sufrida polo teatro foi a inundación de agosto do 2002, que obrigou a pechar de novo as súas portas; agardamos que por pouco tempo.

JAVIER  
GARCÍA CASTELO